

## Compromiso e ética da traducción

*Kathleen March*

Traducir é o proceso de verter un texto escrito dunha lingua nunha segunda lingua; a definición empírica non é complicada<sup>1</sup>. O que suscita polémicas é a función, obxectivo e proceso da traducción: o proceso ten que ser levado a cabo por polo menos unha persoa. O factor humano produce as variantes e resulta nunha escolla derivada e concreta do texto orixinal. Ao longo da historia, o papel da traducción ten mudado moitas veces. Hai diversos estudos sobre a actitude ante o traballo, o deber e a necesidade da traducción, que nos poden sorprender pola variedade de obxectivos, técnicas e resultados desta actividade que, malia o seu carácter enormemente complexo, é aínda considerada por certo número de persoas como un labor sinxelo, transparente, doado, de rápida execución, pouco creativo, e un longo etcétera. O propósito deste artigo é, simplemente, o de chamar ao público galego a reflexionar sobre o que significa traducir en Galicia á lingua galega, lingua en vías de normativización e normalización.

As múltiples vicisitudes presentes na creación ou destrución dunha identidade lingüística para Galicia son dabondo coñecidas. As nosas análises vanse inserir de cheo neste contexto multifacético, controvertido e arriscado, aínda que baseadas na experiencia. Vaia o persoal só por unha razón: o insistirmos no feito de que traducir require un coñecemento rigoroso da lingua e da cultura que van ser vertidas á segunda lingua e cultura, e que tamén require que tanto os tradutores coma os lectores recoñezamos a obriga, unha ética de traballo, que cómpre empregarmos dende a nosa posición do terreo que media entre a primeira cultura lingüística (CL 1) e a segunda cultura lingüística (CL 2).

A obriga, diríamos, parte dun compromiso co texto, co autor/a, coa perspectiva estética ou ideolóxica, ou con algún outro elemento relacionado co mundo que vai

---

1. Lawrence Venuti, *The Translator's Invisibility*, London & NY: Routledge, 1995, p. 17:

Translation is a process by which the chain of signifiers that constitutes the source-language text is replaced by a chain of signifiers in the target language which the translator provides on the strength of an interpretation.

ser representado nunha nova forma lingüística. Este compromiso é iniciado polo Iniciador da Traducción (IT), quen ás veces é un editor ou senón, o propio traductor. Sexa quen fose, tamén debe partir dun compromiso co público receptor, no senso de querer producir un texto fiel, áxil e relevante ás experiencias destes lectores. A 'fidelidade' ten moitas interpretacións, que varían enormemente, de obra a obra, de lingua a lingua, e de traductor a traductor. En diversos momentos históricos, o criterio depende da facilidade da lectura e polo tanto da semellanza coa cultura e a lingua dos lectores do Texto Traducido ou TT. Venuti chama a este tipo de traducción a procura dun texto 'transparente'. Este mesmo teórico rexeita o obxectivo da transparencia polo que ten de distorsión e colonización do Texto Orixinal ou TO, a súa lingua e a súa realidade cultural, a favor da 'foreignization' ou 'estranxeirización'. A estranxeirización é, en termos xerais, a fidelidade aos aspectos particulares do TO, do texto e contexto deste.

Por estas razóns, podemos afirmar que non hai unha traducción só dun texto dado, aínda que hai maneiras de non traizoar este texto. A continuación van ser analizados diversos aspectos da fidelidade. A característica da axilidade, se cadra máis imprecisa, refírese ao proceso de lectura do novo texto, que debe resultar natural sen sacrificar o fundamental do texto orixinal. Hai diferentes opinións sobre o grao de influencia da CL 1 que se poden permitir no Texto Traducido e a súa CL 2 e que constitúen unha parte importante da teoría da traducción. É unha característica que vai xunguida á fidelidade. A relevancia é, quizabes, un aspecto que se esixe menos nunha traducción, aínda que non é secundaria en absoluto. Ten que ver coa conciencia ou crenza de que o novo texto ou TT é de interese para un público que normalmente non le nin lería na lingua orixinal. Noutras palabras, aínda que o traballo de traducir pode ser unha actividade senlleira e a escolla do texto pode ser unha decisión practicamente individual, debe existir no xuízo da persoa traductora unha situación obxectiva e subxectiva e unha razón que vaia máis lonxe ca un puro facer *curriculum*. Senón, sen capacidade e sen ética, a responsabilidade intelectual desta mesma persoa traductora é transgredida, o seu público é enganado.

A traducción ao galego non é recente, aínda que o proceso e as condicións nas que se producen os textos teñen mudado considerabelmente dende 1975. Por tódalas razóns aludidas, debe ficar claro que a escolla de textos é máis importante para a creación dun público lector en galego ca para moitas outras linguas, mesmo o inglés. O inglés, sexa o de alén do Atlántico ou o británico, ten variantes, que non afectan excesivamente á identidade da lingua e máis ben son obxecto de curiosidade ou orgullo. A persoa de Nova York que non rexeita o texto feito en 'texano' ou 'californiano' e os de Florida ou Misisipi len as novelas de Nova Inglaterra con interese. Non así o caso de Galicia e a súa lingua. Escoller unha 'forma galega de dicir' pode ter resultados moi positivos ou moi negativos. Ao meu xuízo, sempre debe representar honestamente a versión ou texto orixinal (TO), e tamén ser un texto nun galego lexíbel e lectíbel.

Hoxe en día, cando comeza a funcionar unha licenciatura de traducción e interpretación na Universidade de Vigo e cando as editoriais de Galicia procuran ofrecer un número respetábel de textos traducidos doutras linguas, é fundamental reafirmarmos a necesidade dunha ética do traballo. Ao meu ver, esta ética, no intre actual, refírese sobre todo á calidade e á fidelidade do novo texto. Cómpre que a traducción represente un bo galego, con estruturas e léxico propios da lingua. Isto sería 'de

caixón' de non estarmos a falar nun contexto lingüístico no que nin a normativización nin a normalización están completamente resoltas.

Sermos fieis a un texto require un desexo de comprendelo no seu ambiente. É dicir, de comprender no posíbel o momento histórico, os grupos sociais ou as comunidades retratadas na obra, os seus costumes, crenzas ou pensamentos, o particular e o universal, compartido de cada personaxe. Cómpre termos unha idea do/a autor/a, e inclusive das avaliacións feitas sobre a(s) súa(s) obra(s) polos lectores desa versión orixinal. As obras que tivesen un maior compromiso co contexto social precisan dunha comprensión máis concreta se se van representar con precisión os matices narrativos, poéticos e ideolóxicos. (Falamos, dende logo, das obras de creación). A persoa que traduce *non pode* improvisar tales comprensións e de facelo, está a actuar de xeito non ético. Xunto co diccionario, consultar estudos da historia do país do/a autor/a, ensaios culturais, análises de texto e representantes ou falantes reais que o poidan informar ou aclarar aspectos da obra cando fose preciso, sempre recoñecendo as fontes de información ou de asesoría.

Dentro da literatura de creación a que tenta representar a personalidade oral dunha cultura é a menos doada de traducir. Cando é cuestión, non só dunha lingua orixinal (LO, en inglés 'Source Language'), senón tamén dos niveis sociais e dos rexistros da fala, dunha fala que moitas veces nin figura nos dicionarios, a tarefa tórnase complicada. Non imposíbel, complicada. O/a traductor/a pode manter o compromiso con ámbalas dúas linguas e co público aínda se se atopa diante de elementos 'intraducíbeis'. Para un texto profundamente arraigado nunha cultura ou etnia, as notas, entón, tórnanse imprescindíbeis, igual que o é unha introducción dabondo ampla para servir de orientación. A oralidade dun mundo cultural debe ser vertida con inmenso coidado noutro idioma: os lectores da LC 2 deben saber ler e querer ler, en voz alta tamén, se o texto orixinal parte desta función da literatura.

O interese polo galego falado nos ámbitos máis rurais, pola literatura chamada 'rexional' dos Estados Unidos, e polo proceso da tradución é o que me levou a consultar a versión galega de *Their Eyes Were Watching God*<sup>2</sup>, *O seu olhar posto en Deus* (Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1993). Os norteamericanos temos unha experiencia de lecturas que conteñen unha fala distinta á da nosa xeografía, non só do inglés británico tipo Charles Dickens. E, ás veces, require certa concentración para comprendermos os escritos de autores como Mark Twain, Carolyn Chute, Gloria Anzaldúa, a primeira Alice Walker ou Zora Neale Hurston, porque o oído ten que se afacer á oralidade textual.

A novela de Hurston é unha obra moi axeitada para o contexto galego. A experiencia cultural, laboral e económica da novela e da autora poden resultar doadamente comprendidas nunha Galicia que ten sufrido o asoballamento en todos estes eidos;

---

2. Para este traballo, empregáronse tres edicións das varias que hai da novela de Hurston. Son a que contén o limiar de Sherley Anne Williams, publicada pola University of Illinois Press en 1978, a de Harper & Row, que contén o limiar de Mary Helen Washington e o moi citado e antologado artigo de Henry Louis Gates, Jr., publicado en 1990, e a edición da editorial Everyman, publicada en 1995. A primeira edición de *Their Eyes Were Watching God* foi publicada por J.B. Lippincott de Filadelfia en 1937. O limiar de Washington presenta a traxectoria da novela e a súa importancia nos círculos académicos de Estados Unidos.

as experiencias cultural, racial e maila lingüística xa son moi distintas e esixen un trato coidado, esmerado, para non estragalas no traslado do inglés ao galego. A obra de Hurston é, ademais, moi representativa do coñecido fenómeno do «Harlem Renaissance», que foi un rexurdimento da literatura feita por escritores da raza negra. Sen embargo, *O seu olhar posto en Deus* non alcanza o obxectivo de dar expresión acertada da cultura e experiencia negras, e aínda máis, chega a traizoalo en numerosísimas ocasións. Na introducción preséntase unha imaxe homoxénea de Zora Neale Hurston, que foi unha figura en realidade complexa, cunha traxectoria que vai dende a súa importancia no contexto do coñecidísimo fenómeno chamado o «Harlem Renaissance», do que sen embargo se afastou e co que tivo enfrontamentos ideolóxicos con escritores como Langton Hughes e Richard Wright, ata o seu anti-comunismo militante dos 40 e 50.

Tampouco son aceptábeis moitas solucións lingüísticas do TT. Falar de máis de mil erros neste texto non é esaxerar. Traducir *Their Eyes Were Watching God*, novela tan delicada, comprometida e precisa nos tintes culturais da xente negra, esixe saber non só inglés estándar estadounidense, senón tamén un inglés falado e máis aínda, un inglés das clases populares do sur e dos negros dos tempos da Depresión. Dito doutro xeito, non só é a lingua comprendida e compartida por falantes necesariamente negros, senón que tamén está sobredeterminada pola zona xeográfica e polas outras clases populares. O inglés que sabía Hurston e que, como antropóloga, ela se esforzara por representar na narrativa, é accesíbel aos anglofalantes na súa totalidade só se teñen coñecementos dos sons e estilos, das relacións entre grupos, da vida cotiá. E aínda así diríamos que hai certos termos que, polos anos transcorridos ou as diferencias culturais, se resisten á interpretación á primeira vista, mesmo con dicionario. Por iso insisto en que a experiencia do anglofalante (sendo o de *falante* o elemento clave) fai posíbel a lectura a pesar de existiren anacos case incomprensíbeis para os non-sureños ou os non-negros. Así, a cuestión da oralidade non é só de representación fonética senón que tamén abrangue un léxico particular, unha metaforización non específica e prácticas comunicativas moi concretas. Por todo isto, precísase un coñecemento real e íntimo desta oralidade da obra hurstiana. De xeito que reducir a variedade dialectal do inglés, característica que nós recoñecemos como unha das maiores virtudes da obra, a uns eses suprimidos ou á inconcordancia dos verbos cos suxeitos non abonda para dar idea do xeito negro de falar. Os diferentes niveis da lingua e da realidade non deben ser limitados a un procedemento que conclúe por dar un efecto mecánico ao TT. E tampouco debe resultar da tradución un galego de poucos falantes ou practicamente de ningún, só xustificábel dende certas posturas voluntaristas e cun resultado totalmente contrario ao do que experimentan lectores negros e non negros de Estados Unidos (cf. «Introducción», S. Williams *Their Eyes Were Watching God*, na que esta especialista afirma a importancia de ‘terse escoitado’ na novela, de ter atopado os rexistros e valores do pobo negro na escrita de Hurston). Ningún galego, hoxe por hoxe, pode ter esta experiencia, por ser o galego de *O seu olhar posto en Deus* unha lingua construída, non falada.

Este factor da oralidade non é o que máis converte a versión galega nun texto problemático. Tamén non son culpábeis os anacos da versión inglesa que faltan, ausencias que son excesivamente frecuentes. Mais posibelmente as principais reticencias para a recepción teñen orixe simplemente no feito de non ter comprendido a traductora o inglés. Non só atopamos fallos graves no prezado inglés dialectal

–a ‘forma negra de dicir’, segundo a frase empregada polo especialista Henry Louis Gates, Jr. para o título do seu traballo que é o apéndice da edición de 1990–, senón tamén no estándar. Atopamos intentos de ‘pasar por enriba’ das dificultades cun texto que non representa o orixinal, nin sequera como elaboración ‘creativa’. As innumerábeis incompreensións teñen diversos resultados que resumimos do seguinte xeito por falta de espacio:

1. O estilo fica distorsionado ou simplificado de máis, perdéndose a intención da autora.
2. O texto galego foi inventado, debido á dificultade de comprensión, ou foi improvisado, mudando a súa estrutura orixinal innecesariamente.
3. Os matices desaparecen moi a miúdo en contextos nos que as relacións persoais ou sociais son de suma importancia e esixen precisión (este efecto é moi grave, e impide que o texto galego poida ter transcendencia literaria ou poida empregarse para o estudio teórico).
4. O contido está totalmente trabucado en moitas ocasións, ata o extremo de ser o *contrario do orixinal*.
5. Algunhas pasaxes do galego conteñen non *sequiturs*.

A natureza desta obra esixiría unha contextualización moi ampla para os lectores. Debería ter un número moi abondoso de notas explicativas e elaboradas con criterios sistemáticos. As once notas do TT son erráticas e, aínda máis grave, algunhas delas son tradución literal das notas das edicións inglesas de *Their Eyes Were Watching God* e doutra obra (autobiográfica) de Hurston, *Mules and Men*, polo que a traductora se as atribúe a si mesma (números 3, 5, 7, 10). Todo isto implica un *estilo de traballo* carente de seriedade intelectual, torpe, improcedente nunha tarefa desta natureza, que debe contar co rigor e a pulcritude profesionais como puntos irrenunciábeis.

A lectura de *O seu olhar posto en Deus* produciu tal catálogo de imprecisións que non é posíbel anotalas todas. Unha escolma delas figura como longo apéndice a este artigo, e dela só fica tirarmos as seguintes conclusións:

- A traductora non sabe ou non domina suficientemente o inglés e sobre todo a fala americana da xente de cor, por máis axudas que atopase nos dicionarios de dialectos.
- Non domina tampouco nin a literatura nin a cultura do sur dos Estados Unidos.
- Carece de coñecementos teóricos no eido da tradución.
- Debeu ter outra fonte de axuda lingüística, non sempre axeitada e nunca recoñecida.
- Non respecta a mesma cultura que di promocionar na introducción polo pouco respecto que amosa no que ofrece ao público galego.

De Hurston afirma na introducción: «A súa intención nom era enfeitar a realidade senom dar forma artística ás complexidades e contradicións que modelarom o seu propio ser» (p. 11) e «mostrou com mestria o xogo dúplice e a espertice com que o preto administra em beneficio propio a fala de aparición simples, os seus siléncios equívocos e as grandes sonoras omnipresentes gargalhadas» (pp. 12-13). O TT non cumpre este obxectivo.

Como axuda aos lectores e proba do anteriormente afirmado, engado unha brevísima bibliografía sobre a literatura negra dos Estados Unidos, sempre coa observación de que pertence a un fato crecente de 'literaturas americanas' (en plural), de diferentes formas de dicir, e relacionadas cunha etnicidade, a sabermos: a indíxena, a chicana e a latina, a asiática, a xudía, cada cal delas con varias subcategorías. Tamén temos unha literatura de emigrantes que revela aínda máis aspectos da sociedade americana cá negra. Xa dende tempo sabemos nós que 'América' non só é a cidade de Nova York, que é unha sociedade múltiple, complicada. Igual que no Estado Español, fálase, escríbese e preocúpase a xente da 'desunificación de América'. O noso tamén é un multiculturalismo combativo, cousa que dá para falar e para contar, en máis dunha lingua.

### Bibliografía (sobre a traducción)

Bassnett, Susan, *Translation Studies*, ed. rev., London & NY: Methuen & Co., 1991.

Bell, Roger T., *Translation and Translating. Theory and Practice*, Essex: Longman Group, 1991.

Hatim, B., e I. Mason, *Discourse and the translator*, London & NY: Longman, 1990.

Hewson, Lance e Jacky Martin, *Redefining Translation. The Variational Approach*, London & NY: Routledge, 1991.

Lederer, Marianne, *La traduction aujourd'hui. Le modèle interprétatif*, Paris: Hachette-Livre, 1994.

Lefevere, André, *Translating Literature. Practice and Theory in a Comparative Literature Context*, NY: Modern Language Association of America, 1992.

———, ed., *Translation/History/Culture. A Sourcebook*, London & NY: Routledge, 1992.

Venuti, Lawrence, *The Translator's Invisibility*, London & NY: Routledge, 1995.

———, *Rethinking Translation. Discourse, Subjectivity, Ideology*, London & NY: Routledge, 1992.

Zlateva, Palma, ed. e trad., *Translation as Social Action*, London & NY: Routledge, 1993.

### Bibliografía sobre a literatura de escritores/as de cor de EE.UU.<sup>3</sup>

- Awkward, Michael, ed., *New Essays on 'Their Eyes Were Watching God'*, Cambridge: Cambridge University Press, 1990.
- Braxton, J., e A. McLaughlin, eds., *Wild Women in the Whirlwind: Afro-American Culture and the Contemporary Literary Renaissance*, New Brunswick-NJ: Rutgers University Press, 1990.
- Christian, Barbara, *Black Feminist Criticism*, NY: Pergamon Press, 1985.
- , *Black Women Novelists: The Development of a Tradition, 1892-1976*, Westport-CT: Greenwood Press, 1980.
- De Jongh, James, *Vicious Modernism. Black Harlem and the Literary Imagination*, Cambridge: Cambridge University Press, 1990.
- Gates, Henry Louis, Jr., «Zora Neale Hurston: 'A Negro Way of Saying'», en Hurston, *Their Eyes Were Watching God*, NY: Harper & Row Publishers, 1990.
- , ed., «Race», *Writing, and Difference*, Chicago & London: University of Chicago Press, 1986.
- , ed., *Reading Black, Reading Feminist*, NY: Penguin Books, 1990.
- Hooks, Bell [sic], *Talking Back: Thinking Feminist, Thinking Black*, Boston: South End Press, 1989.
- Hull, Gloria, Patricia Bell Scott e Barbara Smith, eds., *All the Women Are White, All the Blacks Are Men, But Some of Us Are Brave*, Old Westbury-NY: Feminist Press, 1982.
- Johnson, Barbara, «Metaphor, Metonymy, and Voice in *Their Eyes Were Watching God*», en B. Johnson, *A World of Difference*, Baltimore e London: The Johns Hopkins University Press, 1987, pp. 155-171.
- , «Thresholds of Difference: Structures of Address in Zora Neale Hurston», en Gates.
- Lauter, Paul, *Canons and Contexts*, NY e Oxford: Oxford University Press, 1991. Cf. o capítulo «Race and Gender in the Shaping of the American Literary Canon», pp. 22-47.
- Lowe, John, *Jump at the Sun. Zora Neale Hurston's Cosmic Comedy*, Urbana e Chicago: University of Illinois Press, 1994.

---

3. A bibliografía sobre o 'Rexurdimento de Harlem' e a obra dos escritores negros, e inclusive sobre a obra de Hurston en particular, é enorme. Polo tanto, só figuran aquí uns poucos exemplos da crítica existente.

- Major, Clarence, ed., *Juba to Jive. A Dictionary of African-American Slang*, NY: Penguin Books, 1974 e 1994<sup>4</sup>.
- McDowell, Deborah E., «New Directions for Black Feminist Criticism», en E. Showalter, *The New Feminist Criticism. Essays on Women, Literature and Theory*, NY: Pantheon Books, 1985.
- McKay, Nellie, «Reflections on Black Women Writers», en R. Warhol e D. Herndl, eds., *Feminisms. An Anthology of Literary Theory and Criticism*, New Brunswick-NJ: Rutgers University Press, 1991, pp. 249-261. (Contén lista de escritoras de cor).
- Smith, Barbara, «Toward a black feminist criticism», en J. Newton e D. Rosenfelt, *Feminist Criticism and Social Change. Sex, Class and Race in Literature and Culture*, NY & London: Methuen, 1985.
- Walker, Alice, *In Search of our Mothers' Gardens. Womanist Prose*, San Diego: Harcourt Brace Jovanovich, 1983. Cf. «Zora Neale Hurston: A Cautionary Tale and a Partisan View», pp. 83-92; e «Looking for Zora», pp. 93-116 (Narración do seu descubrimento do sitio no que foi enterrada ZNH).
- Williams, Sherley Anne, «Foreword», en Zora Neale Hurston, *Their Eyes Were Watching God*, Urbana e Chicago: University of Illinois Press, 1978. (Primeira edición da novela: 1937).
- Willis, Susan, «Black women writers: taking a critical perspective», en G. Greene e C. Kahn, eds., *Making a Difference: Feminist Literary Criticism*, NY: Methuen & Co., 1985.
- Wintz, Cary D., *Black Culture and the Harlem Renaissance*, Houston-Texas: Rice University Press, 1988.

## Catálogo

(NB: En primeiro lugar figura o inglés orixinal ou TO; en segundo, o TT da edición comentada neste ensaio; e en último un TT 2 en cursiva, que é unha versión suxerida pola autora deste artigo. Cómpre que teñan en conta os lectores do artigo que o TT 2 non pretende ser unha versión literaria acabada, senón que se debe tomar como tradución literal do inglés feita co propósito de subliñar e aclarar os erros do TT publicado. A tradución literal é necesaria para podermos comparar o verdadeiro contido e estilo da novela de Hurston coa edición en galego. Aínda que o galego que figura na nova tradución non é igual ao tipo de galego empregado para a tradución publicada por Laiovento, isto non debe ser o enfoque da comparación e non entra no propósito deste traballo. A escolma máis ben indica a variedade de casos nos que o

---

4. Este dicionario é un dos varios que existen para a fala negra e que son imprescindíbeis para a comprensión da expresividade deste grupo cultural dos Estados Unidos. Nembargante, aínda quedan por recoller moitos termos e frases.

TT non acerta ou terxiversa o TO. O que se tenta con isto é, en última instancia, alertar aos lectores en galego da necesidade de vixiar e esixir calidade ás obras traducidas).

## Capítulo I

(...) burying the dead // enterrar o morto // *enterrar os mortos*. [NB: É importante o plural neste contexto concreto e da novela en xeral].

She had come back from the sodden and the bloated; the sudden dead, their eyes flung wide open in judgement. // Ela regressava de umha morte imprevista, de cadáveres tímidos inchados polas águas, nos olhos inesperadamente mui abertos boiando umha sentença. // *Ela regresara dos mollados e dos enchidos polas augas; os mortos de socate, os ollos moi abertos, a pasar sentencia.*

They passed nations through their mouths. // As ideas correndo de boca em boca. // *Cando falaban, na súa conversa decidían o futuro de nacións.*

Words walking without masters; walking altogether like harmony in a song. // As palabras indo e vindo sem control, acordando-se como a harmonia de um canto. // *As palabras que andaban libremente (= non escravas, sen amos); andaban xuntas, como a harmonía dunha canción.*

Where's dat blue satin dress she left here in? // Onde vai aquele de seda que deixou aqui? // *¿Onde vai aquel vestido de raso que levaba cando saíu de aquí?* [O TT di o contrario].

Why she don't stay in her class? // Por quê nom senta cabeza? // *¿Por que non fica cos da súa clase?*

When she got to where they were she turned her face on the bander log and spoke. // Quando chegou onde eles estavam voltou-se para o grupo e falou. // *Cando chegou onde estaban, mirou para os monos barulleiros e falou.* [NB: Unha nota aquí é precisa para explicar 'bander log'. O termo 'bander-log' indica un tipo de monos da India; aparecen citados na obra de Rudyard Kipling e co tempo ficou co significado de 'xente barulleira, baleira', semellante aos monos. Cf. a edición de Everyman desta novela].

You ain't like me // Deveríade fazê como eu // *Non sodes coma min.* [O TT di case que o contrario].

Ah ain't got her to study 'bout. // Nom sei de que vos preocupade tanto. // *Non quero pasar o tempo a matinar nela.*

At dat she ain't so ole as some of y'all dat's talking. // Nem é tam velha como vós 'tades p'ra ai a dizê. // *A verdade é que ela non é tan vella coma algúns de vós que estades [aquí] falando.*

Don't mind us. // A gente nom nos importamo. // *Non te preocupes por nós.*

Ah done scorched-up dat lil meat and bread too long to talk about. // A verdade é que eu figem a comida e o pam a todo corrê p'ra podê 'tar aqui a falá. // *Xa preparei a carne e o pan hai moito tempo como para ter que preocuparse diso.*

Yo' friends wouldn't want nothin' better. // P'ra quem é tua amiga n'hai nada melhor. // *Non che pedirían máis os teus amigos.*

Ah ain't had a thing on mah stomach today exceptin' mah hand. // Hoje o único que metim na boca forom os punho. // *O único que puxen no estómago hoxe foi a man.* [Confusión no TT entre 'in' e 'on'; o sentido destas dúas preposicións coas que xoga a autora, e que non é comprendida no TT, muda completamente a frase e provoca unha traducción non axeitada].

No time to be huntin' stove wood after dark. // Non tivem tempo de andá à lenha / *De noite non son horas de andar á leña.*

Gal, it's too good! You switches a mean fanny round in a kitchen. // 'ta óptimo, rapariga! Ninguém o diria, com esse rabo tam grande que tés e o bem que te mexe na cozinha! // *Nena, ¡está riquísimo! ¡Como gobiernas na cociña!* [NB: O TT indica un sentido trabucado, polo non coñecemento da fala popular, porque o TO non ten unha referencia literal ao traseiro de Pheoby].

(...) take yo' ole plate // toma o teu prato velho // *toma o prato, hom.* [*Toma o maldito prato*]. [NB: 'Ole' ou 'old' non debe traducirse literalmente; tamén se podería usar un sufixo].

(...) dat Sam of your'n just won't quit // este Sam teu nom vai dar liquidada a conta! // *ese Sam teu éche moi teimón.*

You better make haste and tell 'em 'bout you and Tea Cake gittin' married // É melhor dares-te pressa e lhes contá se ti e Tea Cake vos casaste // *Deberíaslles contar axiña que ti e Tea Cake casastes.* [NB: No TT descoñécese o sentido da forma con 'better'].

Ah don't mean to bother wid tellin' 'em nothin' // Nom vos aborrecê contando-lhes isso // *Non penso molestarme contándolles nada.*

Dat's just de same as me 'cause mah tongue is in mah friend's mouf. // A min dá-me exactamente igual porque já sei que é umha amiga que fala. // *É como se falase eu porque a miña lingua está na boca da miña amiga.* [No TT bótase en falta a expresividade particular da autora negra].

Ah been a delegate to de big 'sassociation of life // Seria umha delegada da grande sociedade da vida. // *Teño asistido á grande Asociación da Vida.* [NB: Non se entendeu o tempo verbal, que é clave nunha afirmación da experiencia vital da protagonista; engadimos as maiúsculas en galego para indicar que é unha referencia a unha organización que sería semellante a unha loxa masónica].

So 'tain't no use in me telling you somethin' unless Ah give you de understandin' to go 'long wid it. // É melhor non dizeres nada até eu che contá todo direitinho p'ra

ti entendê. // *Non paga a pena contarche nada se non che dou o coñecemento para ti o entenderes.* [O TT non mantén o matiz expresivo que ten a cultura negra].

Ah depend on you for a good thought // suponho que nom pensa mal de mim // *Confío en que vaias pensar ben de min.* [O TT trabuca a intención da protagonista e polo tanto a relación coa amiga].

(...) the kissing, young darkness became a monstropolous old thing // *a escuridade fresca e tenra foi tornando-se velha e monstruosa // a escuridade, nova e chea de bicos, foi tornándose unha cousa monstropulosa.* [NB: ‘Monstropolous’ é palabra case inventada, non estándar, que indica o tamaño e o efecto de algo ao mesmo tempo].

## Capítulo II

(Nanny) used to [...] lick every youngun on de place // *malhava em nós sem esperá máis // mallaba en tódolos pequenos da casa.* [Confusión de ‘on de place’ e ‘at once’ ou ‘immediately’].

Den they’d tell me not to be takin’ on over mah looks ‘cause they mama told ‘em ‘bout de hound dawgs huntin’ mah papa all night long // *Depois me dizia que nom se estranhava do meu aspecto porque a sua mai lhes contara como umha noite tinham botado os cans de caça atrás do meu pai. // Depois dicían que non presumira da miña aparencia porque a súa nai lles falara de cómo os cans estiveran a cazar ao meu pai toda a noite.*

Pheoby’s hungry listening // *a aidez com que Pheoby ouvia // o escoitar famento de Pheoby.* [NB: A importancia de manter o máis literalmente posible os termos do TO é explicada no artigo de John F. Callahan, «Mah Tongue is in Mah Friend’s Mouf». No contexto cultural da obra, ten que manterse o referente ‘comida’].

(...) all around the house, the night time put on flesh and blackness // *a escuridade ia adensando a noite à volta da casa // arredor da casa, a noite adquiría corpo e negritude.* [Ademais do erro sintáctico, no TT pérdese un aspecto estilístico de importancia, como é a referencia ao corpo e á cor ou raza negra; ‘escuridade’ neutraliza o referente racial de ‘blackness’].

It [...] caressed her in her sleep // *acariciando-lhe meigamente o sonho // aloumiñábaa en soños.* [Termo engadido no TT].

(...) visiting bees // *abelhas // abellas que visitaban.* [Termo non traducido].

(...) the inaudible voice of it all came to her // *a inaudíbel voz da primavera a fijo voltar a si // a súa voz inaudible achegouse a ela.* [NB: Confusión do verbo ‘came to’ como ‘volver en si’ e ‘came to’ como ‘achegarse’].

(...) everywhere she found and acknowledged answers // *A resposta estava ali // en todas partes ela atopaba e recoñecía respostas.*

A personal answer for all other creations except herself // A réplica de todas criaturas.  
// *Unha resposta persoal (da Natureza) para tódalas (súas) creacións, agás ela.* [O TT carece de sentido].

kissing bees // abelhas cantoras // *abellas que bicaban.*

Waiting for the world to be made // Aguardando que a vida começasse. // *Agardando que o mundo viñese [fose creado].* [NB: Non é trivial esta diferenza entre mundo e vida no contexto da obra].

Ah wanted yuh [...] to pick from a higher bush // Queria que... picasse mais alto // *quería que ti colleras de máis arriba [onde abrolla máis a froita].* [NB: 'Pick' é referencia a un tipo de traballo de campo dos negros].

She merely hunched over // Limitou-se a levantar os ombros // *Só se alombou.* [O TT implica o contrario, o que cambia a relación entre avoa e neta].

It was a long time on de way // O caminho foi longo // *Tardou moito en chegar.*

(...) how long you been 'lowin' Johnny Taylor to kiss you? // quantas veces deixache Johnny Taylor te beijá? // *¿Canto tempo hai que te deixas bicar por Johnny Taylor?*

You can't beat nobody down so low till you can rob 'em of they will // O que mais rebaixa unha persoa é que lle roubem a esperanza. // *Non se pode bater nunha persoa tanto como para que perda a vontade.* [NB: No contexto, é decisivo que se afirme a prohibición da mallar nunha persoa, pola historia non tan distante da violencia da escravitude].

(She said) Ah'd take a broom [...] and throw up a highway through de wilderness for her // hei apanhá unha giesta... e hei de chegá à estrada principal // *collería unha vasoira [...] e construíría por ela unha estrada polo bosque.*

(...) the next thing I knowed here you were in de world // o único que soubem foi que ti 'tava no mundo // *de súpeto vin que estabas ti no mundo.*

Ah was flat uh mah back // eu 'tava doente // *eu estaba na cama.* [Non está enferma senón que está na cama porque vén de dar a luz].

(...) he made me let down mah hair for de last time. He sorta wropped his hand in it, pulled mah big toe, lak he always done, and was gone after de rest lak lightnin' // obrigou-me a me humilhá por última vez. Agarrou-me do cabelo co' a mao e puxou-me polo dedo gordo do pé, como sempre facía. Quando acabou marchou aliviado c'os outros. // *pediu que soltara o cabelo por derradeira vez. Medio envolveu a man nel, puxou do meu dedo gordo do pé, como sempre facía, e marchou rápido tralos outros, como un lampo.* [NB: O que non hai en absoluto no TO é humillación; a relación aparece deformada no TT; tamén hai confusión entre 'light' e 'lightnin'].

Nigger // Negra // [NB: Falta unha palabra moi despectiva que indique a diferenza de trato entre negro, *nigger*, *darky* e *black* ou outros termos para os de cor. Tería sido preciso, de acordo cos principios indicados na introducción do TT, atopar no portugués un termo despectivo semellante].

Yaller // mulata // *amarelo*.

(...) look lak she got madder // pareceu que se volvia tola // *parecía que se anoxaba*. [Confusión entre 'mad' = anoxada' e 'mad' = louca'].

So Ah run got mah baby and got in quotation wid people and found a place Ah could stay. // Daquela corrim apanhá o bebé, metim-me onde 'tava toda a gente e encontrei um lugar p'ra me instalá. // *Polo tanto collín o bebé rapidamente e falei con algunha xente e atopei un lugar onde vivir*.

Moultrie // Moultry // *Moultrie*. [¿Por que cambiar a ortografía?].

A sight to see // Um espectáculo digno de se ver. // (*ela*) *estaba desfeita*. [NB: O TT non dá a idea negativa e trágica que ten o TO].

Dat school teacher had done hid her in de woods all night long // O mestre tinha-a obrigado a esconder-se toda a noite no bosque // *O mestre escondéeraa no bosque toda a noite*. [Descoñecemento da forma verbal popular 'done hid'].

### Capítulo III

There are years that ask questions and years that answer // Há um tempo de preguntas // *Hai anos que fan preguntas e anos que dan resposta*. [Falta de precisión do TT da expresión oral negra].

The house was absent of flavor, too. // Também a casa carecia por completo de qualquer adorno. // *Tampouco tiña sabor a casa*. [OTT non representa a expresividade da fala popular].

Ah'll take a stick and salivate 'im // vou lhe cuspi eu mesma na cara // *collerei un pao para bourar nel*. ['Salivate' é eufemismo por 'bourar, mallar, dar fartura'; non ten que ver con cuspir].

Ah wants to want him sometimes // eu também quero o amá algunha vez // *Quero desexalo a el algunha vez*. [NB: É moi importante salientar a diferenca entre 'querer' = amar e 'querer' = desexar sexualmente, porque Janie busca o segundo, cunha honestidade e sensualidade moi propia do seu carácter].

Dat's de very prong all us black women gits hung on. Dis love! Dat's just whut's got us uh pullin' and uh haulin' and sweatin' and doin' from can't see in de mornin' till can't see at night. // Essa é a cruz de todas as negra... C'o amor a única cousa que conseguimos é que acabem com nós, ter que andá de rasto, a trabalhá de sol a sol. // *É esa a galla da que nos penduramos tódalas negras. O amor. É iso o que nos fai arrastrar e turrar e suar e traballar dende o non poder ver nada pola mañá ata o non poder ver nada pola noite*. [NB: É importante traducir con precisión as imaxes da falante, que son propias da cultura negra e da súa oralidade creativa, vivencial. Cómpre manter a estranxeirización. Cf. Venuti].

Ah ain't takin' dat ole land tuh heart neither. // Mas também nom é aquela terra velha o que levo no coração. // *Tampouco me importa esa miserable terra.* [Falta de comprensión de 'take to heart'].

And 'tain't nothin' in de way of him washin' his feet every evenin' before he comes tuh bed. 'Tain't nothin' tuh hinder him 'cause Ah places de water for him. Ah'd ruther be shot wid tacks than tuh turn over in de bed and stir up de air whilst he is in dere. // E nom digamo a forma em que os lava todas as noites antes de se metê na cama. E nom digamo também o traseiro, que sou eu quem lhe tem que deitá a água. Antes prefiro morrê do que dar volta na cama e acordá quando ele 'tá ali. // *Nada lle prohibe lavar os pés tódalas noites antes de se deitar. Nada que llo impida porque eu mesma lle poño a auga. Antes preferiría que me disparasen con tacholas que dar a volta na cama e mover o aire cando el está aí.* [NB: O TT di o contrario e non capta en absoluto o sentido da segunda frase, co termo 'hinder', que aquí é o verbo 'impedir' e non o substantivo, 'traseiro'; tampouco capta 'to stir up the air'].

Grandma done been long uh few roads herself. // A avó já passou por muita cousa também. // *A avoa tamén andou moitos camiños.* [NB: É importante a referencia ao motivo do camiño, frecuente na novela e relacionado co tipo de vida que levan os negros].

She knew things that nobody had ever told her. // Apreendeu o que ninguém lhe tinha ensinado // *Sabía cousas que ninguén lle contara.*

## Capítulo IV

Aw you know Ah'm gwine chop de wood fuh yuh. Even if you is stingy as you can be wid me. Yo' Grandma and me myself done spoilt yuh now, and Ah reckon Ah have tuh keep on wid it. // E quem che di a ti que eu vou segui cortando-che a lenha. C'o mesquinha que ti és comigo. A tua avó já nom te pode estragá mais com mimo e eu tamém nom penso fazê-lo. // *Boh, ti sabes que che vou cortar a lenha. Aínda que sexas forreta comigo. A túa avoa e mais eu témste mimado moito e supoño que terei que continuar a facelo.* [O TT di o contrario].

Ah got tuh go step off a piece. // Eu vou 'tar fora um bom pedaço. // *Teño que ir a algures, non demasiado lonxe.* [NB: 'A piece' ten que ver coa distancia no espacio, non no tempo].

(...) he mopped his face // fazia gestos // *limpaba a suor da cara cun pano.*

Town // Cidade // ['Town' debería ser 'vila', porque cidade-'city'-suxire outro tipo de poboación, máis grande e complexa].

He meant to buy in big // Ia comprá muita cousa. // *Pensaba investir moito.* ['Buy in big' non indica precisamente moitas cousas senón involucrase moito nos asuntos da vila para subir social ou politicamente; polo tanto ten un sentido metafórico dun home que ten grandes planos para o porvir].

You ain't got no mo' business wid uh plow than uh hog is got wid uh holiday // É como botá flores aos porco! // [*Andares ti co arado*] é como ter vacacións un porco. [NB: A procura da expresividade ocasiona unha traducción errada, de frase feita e non do estilo particular da autora; podería manterse a estranxeirización].

(...) they managed to meet in the scrub oaks // combinarom se encontrar nos tocos dos castanheiros // *puideron verse a carón dos carballiños*. ['Oak' non é 'castiñeiro'].

(...) but 'sposin'...//claro que casá...//e se... [NB: 'Sposin' é de 'supposing', ou sexa, supoñer, non do substantivo 'spouse' nin do verbo 'espouse', 'casar'. O TT é un exemplo de fala popular non comprendida pola fonética ou oralidade do TO].

(...) you kin live lak you oughta // podes vivê como quigeres // *poderás vivir como debes*. [A diferenca entre os termos 'querer' e 'deber' non é gratuíta].

(...) yo' plentiful hair breaks lak day // todo o teu cabelo resplandece como a luz // *o teu cabelo abondoso alborexa como o día*. [Estilo].

She might run off sure enough. // Ia marchar, nom havia dúvida algunha. // *Era quen de fuxir, iso si*.

(...) he bellowed from the barn // ouviu chamá-la desde o celeiro // *berrou dende o graneiro*.

Ah'll take and change ends wid yuh! // colho e dou cabo de ti // *vouche dar fartura*.

Heah, Ah just as good as take you out de white folks' kitchen // Escuita bem, deveria 'tar agradecida por eu te ter recolhido da cozinha dos branco // *E logo eu que practicamente te saquei da cocíña dos brancos*. [O TO non menciona o 'agradecemento' e 'Heah' vén de 'here', non 'escoitar', aínda que ambas palabras son de tipo oral, polo que requiren un coñecemento do inglés falado para seren interpretadas correctamente].

Janie turned from the door // Janie afastou-se da porta // *Janie mirou na outra dirección da porta*.

She gave Logan's words a hard thought // pensou com dureza nas palabras de Logan // *pensou moito nas palabras de Logan*.

She wasn't even angry // ela nom tem culpa algunha // *Nin sequera estaba enfadada*.

## Capítulo V

Middle Georgy // Middle Georgia // *Middle Georgy*. [A expresividade oral sureña debe manterse].

Youse uh mite too previous for dat // Nom tem tanta pressa // *Tes unhas ideas un pouco avanzadas para nós*.

Ah'm buyin' in here, and buyin' in big. // Tenho pensado comprá terra, muita terra. // *You investir muito aquí, muito.* [NB: No TO non hai referencia concreta á compra de terras].

«How much did they give?» «Oh 'bout fifty acres.» «How much is y' all got now?» «Oh 'bout de same.» «Dat ain't near enough.» // «Quanto vos derom?» «Oh, cincuenta acres mais ou menos». (Aquí faltan duas oracións) «Nom chega». // «¿Canto vos deron?» «Oh, cincuenta acres, máis ou menos». «¿Cantos tedes agora?» «Oh, máis ou menos o mesmo». «Non chega para nada».

You reckon you gointuh like round here? // Aposto que vai gostá do sítio. // *¿Cres que che gustará o lugar?*

There was a long dead pause. // Houvo umha pausa e o silêncio prolongou-se demasiado. // *Houbo un silencio longo, morto.*

Hicks, Ah'd git mad and say you wuz lyin' if Ah didn't know yuh so good. // Hicks, faria umha loucura e diria-che que 'tás mentindo // *Hicks, enfadaríame e diría que estás a mentir, se non te coñecese tanto.* [Confusión entre 'get mad' e 'go mad', entre 'anoxarse' e 'tolear'].

«Naw! He didn't buy it up sho nuff?» «He sho did. Come off wid de papers in his pocket.» // «Nom! Nom comprou todo isso!» «Comprou, si. Levava os cartos no bolso.» // «Non. Non o compraría, ¿ou si?» «Si, si. Saíu cos papeis no peto». ['Os papeis' son o contrato de compra, non os cartos].

Dat would be kinda nice. // Seria estupendo. // *Non estaría mal.* [NB: Aquí e noutros casos é importante o grao de reacción do falante, porque indica se está de acordo ou non, ou cómo gradúa os seus sentimentos diante dos demais].

Everybody was coming sort of fixed up, and he didn't mean for anybody else's wife to rank with her. // A gente ia acomodando-se a medida que chegava e ele nom permitiu que nengunha outra mulher se lhe pugesse ao lado. // *Todos ían vir ben vestidos e el non quería que ningunha das esposas lle fixera a competencia.* [Ademais de non entender o significado das frases, falta no TT a comprensión da expresividade de 'rank with'].

Joe knocked in the head of a barrel of soda crackers // Jody abriu umha caixa de biscoitos de soda // *Jody abriu un barril de galletas de sal cun golpe.* [NB: No pasado as galletas viñan en barril e este aspecto marca un período para os lectores anglofalantes].

I god, it's mah treat. // Hoje é dia de festa p'ra mim // *Pois veña; convidovos eu.*

(...) we welcomes you and all dat you have seen fit tuh bring amongst us // damo-che as boas-vindas a ti e a todo o que ti decidas traer contigo // *dámosche a benvida a ti e a todo o que decidiches traer aquí.* [Erro do tempo verbal de 'decidir'].

Ah means tuh put mah hands tuh de plow heah // Tenho a ideia de montá umha empresa // *Penso poñerme a arar aquí.* [NB: Pérdese a ironía do TO se se traduce

sen manter a expresión do falante, que emprega unha metáfora e é precisamente o home que manda aos demais, sendo o que menos traballo manual fai na vila].

(...) us got tuh incorporate lak every other town // temos que ter todo o que têm as outras cidade. // *temos que constituírnos formalmente como as demais vilas.* [Importante o aspecto da legalidade no xeito de pensar e actuar e mandar de Joe Starks].

‘Tain’t no use in scufflin’ over all dese stumps // nom vale a pena andá a sachá todos estes troncos // *non é cómodo andar co atranco destes tocóns.* [O TT di o contrario].

I god, naw // Eu desde logo nom podo // [Simplificación da expresividade popular dos negros; aquí deberíase ter introducido algunha expresión da fala negra do Brasil, de acordo coa afirmación da propia traductora].

(...) whiffed the meat as it slowly came to perfection with the seasoning penetrating to the bone // Faziam todo tipo de travessuras e assavam a carne lentamente para ela nom ficar crua por dentro // *ulían a carne que ía asándose, penetrándoa a sazón ata o óso.*

Something else made men give way before him. He had a bow-down command in his face // Era outra cousa o que os fazia baterem-se em retirada. Era a forza oblíqua do seu gesto // *Outra cousa había que os facía ceder. Tiña un xesto autoritario.*

It made the whole village feel funny talking to him — just like he was anybody else. // A cidade inteira se divertia falando dele -como se se tratasse de outra pessoa. // *A vila enteira sentíase incómoda falando con el -como se fose un deles.* [O TT di o contrario do TO].

(...) on their front-room table // na mesa do quarto de diante // *na mesa da sala de estar.* [NB: O ‘front room’ non ten que ser literalmente o cuarto de diante; o seu significado é o sitio onde se recibe ás visitas].

(...) his used-to-be bossman // os homens de negócios // *o seu antigo xefe.*

(...) he talks tuh unlettered folks wid books in his jaws // fala c’os analfabeto como se fosse um livro aberto // *Fala coa xentiña de poucos estudos como se tivese libros na boca.* [Na tradución galega emprégase unha frase feita, mais no texto inglés é unha expresión orixinal, poética e dialectal].

he rears and pitches in de store sometimes when she make uh mistake // ele se levanta e entra a corrê quando fai algunha cousa mal // *el empínase e alporízase na tenda ás veces cando ela comete erros.* [‘Rear’ e ‘pitch’ son termos referentes aos movementos dun animal, como o cabalo, cando está axitado; de tódolos xeitos o protagonista nin se ergue nin entra na tenda, está xa dentro].

## Capítulo VI

Yaller mule // mula mulata // mula amarela.

It's too far off to do any good // 'tá longe de ser cousa boa. // *Está demasiado lonxe para ser útil.*

Ah ain't after none uh y'all's foolishness now // Nom vou ir convosco fazê algunha das vossa tolaría. // *Non quero escoitar as vosas parvadas agora.*

They's jus' some puny humans playin' round de toes uh Time // Nom som mais que seres insignificante a dar voltas sempre aos mesmos tema. // [Estilo: A traducción literal é '*Só son uns seres humanos fracos a xogar cos dedos de Cronos*'].

Joe would hustle her off inside the store to sell something. Look like he took pleasure in doing it. [NB: Esta oración falta no TT] Why couldn't he go himself sometimes? // Joe apressava-se a mandá-la vender qualquer cousa ao armazém. [falta unha oración] Por que nom havia de ir ele algunha vez? // *Joe mandábaa correr para a tenda a vender algo. Semellaba gozar con iso. ¿Por que non podía ir el algunha vez?*

There was always a little seriousness behind the teasing of Matt // Nunca tomavam mui a sério as burlas que faziam a Matt // *Sempre contiñan un pouco de seriedade as chacotas que lle facían a Matt.* [O TT di o contrario].

Carried home little bags of meal and flour in his hand // Viam-no ir para casa levando na mao pequenos sacos de comida e farinha. // *Ía para casa levando nas mans pequenos sacos de fariña de millo e de trigo.* [Confusión no TT entre 'meal' = fariña non moi fina, xeralmente de millo, e 'meal' = comida].

You didn't have gumption enough tuh do it. // Ti nom tés juizo p'ra o fazê. // *Non tiveches valor dabondo para facelo.*

He did everything but let himself be bridled and visit Matt Bonner. // Fazia o que lle apetecía mas também deixava que lle pugessem o freio para ir visitar o Matt Bonner. // *Facía todo menos deixarse poñer o cabestro para ir visitar a Matt Bonner.* [NB: O TT di o contrario].

(...) the men were fooling with the gear // os homens volviam-se tolos com os aparelhos // *os homes fedellaban cos aparellos.* ['Fool with' non ten que ver con 'tolo' senón co acto de manipular, fedellar, tocar].

How come Ah can't go long wid you? // Podo ir contigo? // *¿Por que non podo ir contigo?* [NB: Janie non pide permiso, pide unha explicación de por qué se lle prohibe ir; a diferenza é importante para indicar o tipo de relación que ten co marido machista].

With that the sisters got mock-happy and shouted and had to be held up by the menfolks // As irmás remedavam tanta felicidade berrando e agitando-se de tal modo que os homens tinham que agarrá-las para evitar que caíssem. // *Entón as mulleres puxéronse tolas de ledicia e berraban e os homes tiñan que sostelas.*

So he picked out the eyes in the ceremonial way and the feast went on. // Separou ritualmente os olhos e a festa chegou ao seu melhor momento. // *Entón peteirou os*

*ollos con moita seriedade e continuou o banquete.* [‘Pick out’ non é escoller neste contexto senón que se refire ao acto de petear dun paxaro, como aquí o voitre está a comer os ollos dunha mula morta].

(...) laugh at de people // *rir co’ aquela gente // rirse daquela xente.* [A traducción indica o contrario do inglés].

He’s bound to tell yuh // *Nom pode negar-se a contestá // Dicir, vaicho dicir.* [NB: ‘Bound’ non expresa obriga senón a seguridade de que algo vai ocorrer].

How come you want me tuh tell yuh? // *E que é o que quere que che diga? // ¿Por que queres que cho diga?*

Ah aims tuh smoke yuh right out // *te vou fumigá // Voute escorrentar con fume e así cáchote.*

(...) uh great big old scoundrel // *aquele grande desgraçado do velho // aquel miserento ruín.* [Non é nin ‘grande’ nin ‘vello’, posto que son adxectivos enganosos e aquí teñen sentido coloquial, non literal].

Nature is high in uh varmint lak dat. // *A natureza ‘tá cheia de besta ruim como essa. // Nunha animalia dese tipo, o instinto é moi forte.* [Incomprensión completa da frase, na que ‘nature’= instinto natural, non a natureza onde viven os animais].

(...) heah’s uhnother fool dat’s willin’ tuh make time on yo’ gang // *aquí ‘tá outro que também quer formá parte do grupo // aquí hai outro parvo que está disposto a entrar no fato de presos do teu cárcere.* [‘Gang’ = ‘cadea de presos’; na cultura negra e estadounidense, dáse por suposto a existencia de moitos negros nos cárceres, o que orixinou o termo ‘chain gang’ co cal se xoga neste texto; isto pasou desapercibido no TT].

How much time is you willin’ tuh make fuh Daisy? // *Quantos ano quere dedicá â Daisy? // ¿Cantos anos estás disposto a pasar na cadea por Daisy?*

Ah’ll beg de Judge tuh hang me, and wouldn’t take nothin’ less than life // *Que Deus me castigue se nom ‘tou disposto a te dedicá a vida inteira. // Voulle pedir ao xuíz que me aforquen e non admito menos que cadea perpetua.* [No TT a expresividade está perdida completamente].

Ah’ll take uh job cleanin’ out de Atlantic Ocean // *eu vaziaría o Oceano Atlántico // Vou conseguir un traballo limpando o océano Atlántico.* [A referencia implícita é á dureza e aos traballos socialmente menosprezados que tiñan os negros].

He never got any further than a class leader // *Nunca chegou além de chefe de grupo //* [NB: O TT non toma en consideración o contexto relixioso e trabuca o termo ‘class leader’, o que significa, dentro da igrexa metodista, un oficial, administrativo laico da freguesía].

Ah bought uh whole new kag of ‘em // *Mandei vir muitas lata // Comprei outro barril inteiro delas.*

Wid you heah, Ah oughtn't tuh hafta do all dat lookin' and searchin' // Vem ajudar-me. N'ô vou buscá eu só. // *Contigo aquí, non debería ter eu que andar a buscar.*

(...) he'd keep on fighting until he felt // nom cedeu até lhe parecer // *loitaría ata crer.*

(...) he stalked on back to the store // com o ar altivo, abandonara o armazém // *voltou á tenda con paso maxestoso.* [O TT di o contrario].

She stood there until something fell off the shelf inside her. // Ficou imóvel até vencer o perigo que tinha no interior. // *Estivo sen moverse ata que algo caeu do seu andel interior.*

Tony don't fee-eed me! // Tony nom d-d-dá nada! // *Tony non me dááá de comer.* [NB: O TT dá a impresión de tateo, cando na realidade a personaxe estase laiando].

Mrs. Tony was all but dancing around him. // A senhora Tony nom parava de dançar â sua volta. // *A señora Tony case que bailaba en torno del.* [O TT di o contrario].

Gimme uh lil piece 'bout dis wide. // nom irá me dá essa miséria p'ra mim e os neno, nom si? // *Dáme un anaco así de ancho.* [A actitude da falante non foi comprendida].

(...) see uh po' woman and her helpless chillun starve tuh death // ver morrê de fame umha pobre mulher // *ver morrer de fame a unha pobre muller e os seus fillos indefensos.*

## Capítulo VII

(...) and she was giving away what she didn't value // e isso a ela cada vez lhe interessava menos // *e ela regalaba o que non lle importaba.*

She just measured out a little time for him and set it aside to wait. // Calculou que tinha para pouco e sentou-se a esperar. // *Mediu un pouco de tempo para el e púxo a un lado.* [NB: A imaxe culinaria ten que manterse; ademais, hai confusión entre 'to set' e 'to sit'].

Don't stand dere rollin' yo' pop eyes at me wid yo' rump hangin' nearly to yo' knees! // Daquela pode falá de se tenho o traseiro levantado ou nom // *Non esteas aí con eses ollos redondos e o teu cu a pendurar ata os xeonllos.* [NB: No TT indícase que o traseiro é de Janie, cando en realidade Janie está falando do de Joe, o marido].

Y'all really playin' de dozens tuhnight. // Isso já é faltá. Calade, nom falede demais. // *Estades a rifar de primeira esta noite.* [Invención por aparente falta de comprensión: 'playin' the dozens' é un xogo de negros que pode ter certo risco].

## Capítulo VIII

Well, if she must eat out of a long-handled spoon, she must. // Mui bem, se havia de comer à parte, comeria. // *Pois, se ten que comer dunha culler de mango longo, ten*

*que facelo*. [NB: No TT demostrase que se descoñece que a frase remite a un vello proverbio que é ‘He must have a long spoon who sups with the Devil’, ou sexa, que ten que estar moi alerta. Tamén hai confusión entre ‘to eat’ (‘comer’) e ‘to eat out of’ (‘comer dun recipiente ou instrumento’)].

Joe was ‘fixed’ // Joe ‘tá «drogado» // *Joe estaba enmeigado*. [O contexto cultural indica a referencia ao vodú].

(...) with his sword drawn back // a espada embainhada // *coa espada ergueita*. [O TT di o contrario].

(...) she was bound to know // tería sido obrigada a comprender // *saber, seguro que ela sabería*.

(...) chinaberry trees // amoreiras // [O dicionario inglés-portugués dá como acepcións de ‘chinaberry’: ‘azederaque, cinamomo, lilás das Antilhas (planta e fruto); (bot.) saboeira’. O TT practica o proceso de tornar transparente a versión galega, práctica que traizoa a realidade negra do sur].

(People) crept in // chegavam arrastando os pés // *entraban silandeiamente*. [No TO ‘creep in’ non ten o sentido literal].

(...) ferocious look // olhar magnético // *ollada feroz*.

But, Jody, Ah meant tuh be awful nice. // Mas, Jody, agora quero ser boa, mui boa. // *Mais Jody, a miña intención sempre foi ser moi boa*. [Janie está a falar co marido agonizante, explicando como quixo portarse ao longo dos 17 anos de casados].

Ah run off tuh keep house wid you in uh wonderful way. // Eu escapei p’ra ter umha casa maravilhosa p’ròs dous. // *Escapei para vivir contigo e sermos felices*. [Incomprensión no TT da expresión ‘to keep house’].

All dis tearin’ down talk! // co’essa conversa endemoniada // *¡Tanto rexoubar!*

(...) dat ain’t what Ah rushed off down de road tuh find out about you // nom era isso o que eu queria quando corrim junto de ti na estrada // *Non era iso o que quixen saber de ti cando escapei*.

## Capítulo IX

People on farm houses [*sic* horses] and mules // Granjeiros e mulas // *Xente montada en cabalos e mulas*. [O TT non botou de conta a errata do TO].

She (= Janie) had been getting ready for her great journey to the horizons in search of people // A avó preparara-se para emprender a grande viagem em busca da gente // *Janie preparábase para a grande viaxe cara ós horizontes á procura de xente*. [NB: Aquí é fundamental a presentación no TO da perspectiva e actitude da protagonista, no que quere da vida; o TT trabuca este protagonismo e o seu proxecto que subxace á novela enteira].

(...) that other kind that loved to deal in scraps // o tipo dos que preferem negociar em ferro velho // *ese outro tipo de persoas que prefiren arrepañar frangullas*. [NB: 'scraps' poden ser de 'scrap metal' ou da mesa (sobras da comida) ou inclusive de anacos de tecido; empregar a referencia ao metal non ven a conta no contexto nunha muller vella como a aboa].

She hated the old woman who had twisted her so in the name of love // Odiava a velha que assim a esganar em nome do amor. // *Odiaba a vella que a torcera así en nome do amor*.

You ain't used tuh knockin' round and doin' fuh yo'self, Mis' Starks. You been well taken keer of. You needs uh man. // A s'ra nom 'tá habituada a baté nas casa e fazé todo, â melhor alguém tomá conta de si, precisa de um home. // *Vostede non está afeita a traballar e facer as cousas pola súa conta, señora Starks. Teñen coidado moito de vostede. Precisa dun home*.

Janie laughed at all these well-wishers // Janie ria de todos estes beneméritos // *Janie ría de todos estes que viñan darlle o pésame*.

This freedom feeling was fine. // O sentimento da soledade era-lhe grato. // *Este sentimento de liberdade sentáballe ben*.

She felt like slapping some of them for sitting around grinning at her like a pack of chessy cats // Alguns davam-lhe vontade de bater neles por ficarem sentados a arreganhar os dentes para ela como unha matilha de gatos falsos // *Tiña ganas de darlles unha cachetada a algúns deles por estaren alí sentados e a sorrirille como un fato de gatos cheshire*. [NB: O lector formado sabe o que significa un gato de Cheshire, da obra de Lewis Carroll; traducir por 'falso' é unha simplificación].

Whut yuh needs is uh man dat yuh done lived uhround and know all about tuh sort of manage yo' things fuh yuh and ginerally do round. // O que precisa é um home do lugar que saiba como lhe levá o negócio, polo seu bem e polo de todos em geral. // *O que che fai falta é un home que coñezas ben e que saiba levar os teus asuntos e facer o traballo en xeral*.

Ah'm an educated man // Som um home de bem // *Son un home con estudos*. [NB: En inglés, 'educated' significa que a persoa ten ido á escola, non que sexa cortés ou moralmente exemplar ou que teña cartos].

His sense of ownership made him honest too, except for an occasional jaw-breaker, or a packet of sen-sen. // O seu sentido de propietario fazi-o comportar-se com honestidade, a nom ser algum chupa-chups ocasional ou um que outro pacote de «pica-pica» // (...) *agás un caramelo especial ou unha bolsa de menta de vez en cando* [NB: Un 'jawbreaker' é unha bola grande e dura que apenas colle na boca, tradicionalmente apreciado polos nenos; 'sen-sen' son pastillas para dar un sabor agradable ao alento; é outro exemplo no TT do intento de facer un texto transparente, o que contravén un aspecto particular da realidade social da novela].

When Janie emerged into her mourning white. // Quando Janie vestiu de alívio // [O TT non indica que a cor do alívio é o branco].

A Sanford undertaker was pressing his cause through Pheoby // Havia um empreiteiro de Sanford que se dedicava a importuná-la através de Pheoby // *un director de pompas fúnebres faciálle ás beiras por medio de Pheoby* [NB: O traballo deste home fai un contraste irónico coa actitude vital de Janie; o TT non representa este aspecto da novela ao empregar o termo trabucado de empreiteiro ou contratista].

## Capítulo X

Orlandah // Orlanda // *Orlandah* [NB: ‘Orlandah’ indica a oralidade e rexistro popular].

How about playin’ you some checkers? // E se jogamo xadrez? // *¿A ti apetéceche xogar ás damas?*

That was even nice. Those full, lazy eyes // Era delicioso. Os olhos bem feitos, olhos indolentes // *Estaba ben. Aqueles ollos grandes, que miraban preguiceiros.*

Have uh cool drink on me. // Pode dar-me umha bebida fresca? // *Convídoche a un refresco.* [NB: Aquí o importante é quen convida, e Tea Cake convida a Janie no súa propia tenda, demostrando así moita confianza e sentido do humor].

Oh, all right // Oh, que estupendo // *Pois ben.* [NB: Matiz].

B’lieve Ah done cut uh hawg, so Ah guess Ah better ketch air. // Creio que a cousa ‘tá clara, assi que o melhor será sair ao fresco. // *Creo que metín a pata e paréce-me que debo liscar.* [NB: ‘To cut a hog’ é expresión dialectal da fala negra, que non significa ‘a cousa está clara’, senón ‘cometer un erro’; portanto, o TT foi inventado. Nembargantes, a definición desta expresión está perfectamente explicada en Juba to Jive, *A Dictionary of African-American Slang*, ed. Clarence Major. Confusión de ‘to ketch air’, tamén].

He made an elaborate act of tipping to the door stealthily. // Começou a remedar os gestos de alguém facendo confidências à porta às escondidas. // *Cun xesto moi teatral, foi andando ata a porta na punta dos pés.*

Even if she had uh brick she couldn’t hurt yuh wid it [...] De lady can’t throw // ‘inda que fosse um tijolo nom me faria mal nengum. As senhoras nom têm força. // *Aínda que tivese un tixolo, non podería facerche dano. Esta muller non ten puntería.*

Could yuh lemme have uh pound uh knuckle puddin’ till Saturday? Ah’m sho tuh pay yuh then. You needs ten pounds, Mr. Tea Cake. Ah’ll let yuh have all Ah got and you needn’t bother ‘bout payin’ it back. // Pode fiar-me umha libra de pastel de jarrete até Sábado? Dou-lhe a minha palavra que lho hei de pagá. // *Poderíame fiar unha libra de pudín de mans de porco ata o sábado. Heillo pagar, prométoo.* [Faltan dúas oracións: *Precisa vostede de dez libras, Señor Tea Cake. Déixolle todo o que teño e non se preocupe de mo devolver*]. [NB: O diálogo é chocalleiro; Tea Cake solícítalle un ‘knuckle pudding’ a Janie, equivalente a ‘unha torta’, co significado tanto de pastel ou algo comestible coma de labazada. O propósito é recoñecer a indignación de Janie ou xogar coa actitude seria que ela vai tratar de amosar cando de feito quere admitir o xogo amoroso de Tea Cake].

He was off with the briefest good night // marchou com o «boa noite» mais breve que já alguém tenha imaginado // *Marchou cun rapidísimo «boa noite»*. [Ampliación innecesaria no TT].

## Capítulo XI

(Where's yo' fishin' poles?) Less go set on de lake. // [Onde tem as canas?] Vamo as deitá no lago. // *Ímonos sentar xunto da lagoa*.

[Dat long-legged Tea Cake] ain't got doodly squat. // nom pode dissimulá que é um vadio sem préstimo. // [...] *non ten un céntimo*. [NB: O feito de disimular non está no TO].

They went out into the kitchen and fixed up the hot fish and corn muffins and ate. // Prepararom o peixe e comerom-no na cozinha acompañado com bolos de cereal // *Foron á cocíña e prepararon o peixe quente con bolos de millo e comeron*.

You'se got de world in uh jug // Tes o mundo inteiro na tua mao // *tes o mundo inteiro nun porrón*. [NB: O TT emprega unha frase feita cando o TO distánciase dela ao falar de 'jug', porrón].

Dat's fuh yo lady friend. Ah'm jus'uh sometime friend uh yourn. // Isso é p'rys namorado. Eu non son mais do que umha velha amiga. // *Iso é para a túa namorada. Eu simplemente son unha amiga túa ocasional*.

Ah didn't aim tuh let on tuh yuh 'bout it, leastways not right away // Nom pretendo insistir nisso, polo menos nom agora // *Non pensaba dicircho, polo menos non tan axiña*.

You got me in de go-long. // 'tou como páxaro na gaiola. // [NB: Sorprende esta traducción acertada no TT dunha frase moi dialectal, non recollida no dicionario, cando hai numerosos exemplos de inglés estándar que fallan. Cf. O exemplo seguinte].

Oh, what wouldn't I give to be twelve years younger so I could b'lieve him! // Oh! que nom daria por ser vinte anos mais nova e poder crer nele! // *¡Oh, quen me dera ter doce anos menos para poder crer o que di!* [NB: A confusión de 'twenty' e 'twelve' é clave na novela, tratándose da relación entre un home e unha muller].

Ah know better. // Sei-no melhor que ti. // *A min non me enganas*.

Ah'm nearly twelve years older than you. // eu sou quase vinte anos mais velha que ti. // *teño case doce anos máis ca ti*.

(...) hung over the newel post // apoiada na coluna // *debruzada na varanda*.

He looked like the love thoughts of women // Parecia-lhe que incarnava o ideal amoroso de qualquer mulher. // *Semellaba os pensamentos amorosos das mulleres* [NB: Ademais do erro gramatical, o TT emprega un cliché -'ideal amoroso'- que introduce un rexistro estereotipado na actuación da protagonista e agacha a sensualidade implícita e fundamental no TO].

(...) some strawberries // algumas amora // *uns amorodos (fresas, morangos)*. [NB: ¿Por que mudar de froita?].

He bolted down the walk // Deu a volta // *Liscou pola beirarrúa*.

Janie awoke the next morning by feeling Tea Cake almost kissing her breath away // Janie acordou à manhã seguinte sentindo que Tea Cake quase que lhe beijava o alento. // *Janie espertou á mañá seguinte cando sentiu que case lle impedía respirar Tea Cake cos seus bicos*. [Incomprensión no TT do verbo con preposición, 'to kiss away'].

That was the beginning of things. // Era o começo do mundo. // *Foi o comezo de todo (da relación)*.

He pinched her arm. // Apertou-lhe o braço // *Beliscoulle o brazo*.

(...) bet you done forget it // espero que nom tenha esquecido // *Esquecíchelo, ¿a que si?*

Tell yuh what yuh do // Decide ti o que vamo fazê. // *Direiche o que vas facer*. [NB: Outro exemplo de cómo o TT di o contrario do inglés].

Puttin' mahself tuh uh whole heap uh trouble tuh git dis car so you kin go over tuh Winter Park or Orlandah tuh buy de things you might need. // Metim-me num monte de sarilho p'ra consegui o automóvel e podê ir a Winter Park ou Orlanda comprá as cousas que necessita // *E eu que me molestei tanto para conseguir este coche para poderes ir a Winter Park ou Orlandah comprar as cousas que necesitas*. [Incomprensión da frase 'to put oneself to trouble' ou 'to go to the trouble of'; non significa 'to get into trouble', como o TT interpreta con 'meterse nun monte de sarilho'].

Ah hope God may kill me, if Ah'm lyin'. // Deus me castigue se minto // *Deus me mate se minto*.

## Capítulo XII

Ah b'lieve yo' buddy is all tied up wid dat Tea Cake shonough. // Parece-me que a tua amiga 'tá mui ligada a esse malandro de Tea Cake. // *De verdade parece-me que a túa amiga está moi comprometida con ese Tea Cake*. [OTT non traduce 'shonough' e por outra banda o TO non contén un termo despectivo equivalente a 'malandro', que deforma a figura de Tea Cake].

Grove // alameda // *bosque*.

Oh dey got it all figgered out. Maybe it ain't as bad as they say, but they talk it and make it sound real bad on her part. // Oh, é o que eles imagina. Se cadra nom é assi, mas falá falava e a verdade e que o assunto nom tinha bom aspecto. // *Oh, sonche uns sabichosos. Seica o asunto non é tan ruín coma eles din, mais falan del e póñeno moi mal*.

Pheoby picked her way over to Janie's house // Pheoby foi a casa de Janie como se fosse umha galinha // *Pheoby achegouse ós pouquiños á casa de Janie.*

He don't know you'se useter uh more high time crowd than dat. You always did class off. // Nom sabe que tés mais que fazê que andá assi. // *Non sabe que estás afeita a andar con xente máis elegante ca esa. Sempre demostraches que tiñas clase.*

And Ah'd sit dere wid de walls creepin' up on me and squeezin' all de life outa me. // E eu sentava-me, sentindo arrepio e vendo como me estragava a vida. // *E aí estaba, sentada, as paredes a encollérense a modiño arredor de min, exprimíndome a vida.* [Cf. A simplificación da expresividade do inglés, cando os motivos de vida/morte e horizonte/límites son fundamentais].

(...) sittin' still worries me. Ah wants tuh utilize mahself all over. // me desespera 'tar sentada sem mover-me. Eu o que quero é andá de um lado p'rò outro // *moléstame estar sentada sen facer nada. Eu o que quero é ser activa de corpo enteiro.* [NB: No TT pérdese a connotación sexual de mover o corpo].

Ain't you skeered he's jes after yo' money—him bein' younger than you? // Nom te dás conta que anda atrás dos teus cartos... que é mais novo que ti? // *¿Non tes medo de que só queira os teus cartos, posto que é mais novo ca ti?*

Ah sho hope you ain't lak uh possum // Nom te vaia passá como à gaivota // *Non sexas como a sarigüeia, oh.* [NB: Temos que subliñar que a palabra 'possum' é popular; o termo estándar en inglés é 'opossum' e, curiosamente, nun dicionario inglés-portugués (Williams), o termo portugués é exactamente igual có inglés: 'opossum'; noutro (Porto Editora), é 'sarigüeia'. Tamén é ben sabido que un conto de Zora Neale Hurston se titula «Possum or Pig»].

But you'se takin' uh awful chance. // Mas parece-me que te engana. // *Mais é un risco moi grande.*

Took whut little she had and went off tuh Tampa wid dat boy // Colheu o piqueno e marchou p'ra Tampa com aquele rapaz // *Colleu o pouco (diñeiro) que tiña ...* [Incomprensión no TT do termo elidido, 'diñeiro', que leva a frase 'whut little'].

But he done showed me where it's de thought dat makes de difference in ages. // Mas ele ensinou-me onde 'tá o que fai una serem mais velhos que outro. // ... *que é a maneira de pensar que fai a diferenca entre as idades.*

(...) de new blue satin Tea Cake done picked out for me tuh stand up wid him in // o novo vestido de cetim azul que Tea Cake escolheu p'ra mim. // ... *escolheu para eu casar.*

### Capítulo XIII

(...) rode around on the trolley cars and sort of looked things over for themselves / / andaron nos carros eléctricos e em todo quanto lhes apeteceu // *andaron nos trolebuses e miraron todo o que lles apeteceu.*

Janie [...] sankled on back to her room // Janie [...] voltou para o quarto // [Estilo: 'sankled' é sumamente popular e dialectal, e dá a ideia de andar a modo, de jeito tristeiro e deprimido].

(pink) silk vest // blusa de seda // *chaleco de seda rosada*.

(...) turning around in one place like a horse grinding sugar cane // virar e revirar as mesmas cousas umha e outra vez // *xirar e xirar no mesmo sitio como un caballo a moer cana*. [NB: Non se pode suprimir a expresividade que tantas veces no inglés depende do mundo rural, natural ou do traballo para retratar a forma de pensar e actuar dos protagonistas].

(Jacksonville) was too big to be warm, let alone to need somebody like her // Era grande demais para ser cálido, solitário e destinado a precisar de alguém como ela própria // *Era grande de máis para ser acolledor, e moito menos para precisar de alguén como ela*. [O TT di o contrario].

The town had seen her limp off // A cidade vira-a coxear. // *A vila observáraa mentres marchaba coxeando*. [Imprecisión no TT entre 'to limp' e 'to limp off', ou 'coxear' e 'marchar coxeando'].

She got up to stir around and see if she could find him, and found herself too worn out to do much. // Levantara-se, buscara-o por toda a parte e afinal dera-se conta que havia muitas cousas para as quais já estava demasiado gasta. // *Levantouse para ver se o podía localizar e descubriu que estaba cansa de máis para facer gran cousa*.

Played right smart while. // Nom havia dúvida que tocava mui bem // *Estivo tocando un bo anaco*.

De girl baby ain't born and her mama is dead, dat can git me tuh spend our money on her. // A nena 'inda nom nasceu e a mamá já morreu, por isso tenho que gastá com ela o dinheiro. // [Expresión moi dialectal na que afirma Tea Cake que aínda non vive na terra unha muller que lle poida facer gastar o diñeiro deles nela; o TT di o contrario e o termo 'noso' falta, nun contexto onde é importante].

He spied the money while he was tying his tie. // Enxergara o dinheiro quando estava atando os cordons dos sapatos. // ... *cando ataba a gravata*. [¿Por que trocar o termo 'gravata'?).

He was excited // pugera-se nervoso // *sentiuse contentísimo*.

(...) one man came in who thought he was bad // até aparecer um fulano que deveu pensar que ele era parvo // *chegou un home que presumía de forte*.

He tried to pull and haul over all the chickens // Agarrava e estragava todo o polo / *Tentou remexer nos polos*.

He kept right on plowing through the pile uh chicken. // Continuou abrindo-se passo através da pilha de polos. // *Continuou remexendo na morea de polos*.

You got mo' nerve than uh brass monkey. // Tés menos agalha que um bonifate. // *Tes máis galaxas ca un mono de bronce* [NB: A expresión 'mono de bronce' figura en frases como 'it's cold enough to freeze the balls off a brass monkey', polo que ten unha connotación sexual evidente, á vez que indica a dureza de algo ou dunha persoa. O TT di o contrario].

(...) it takes jus' as much nerve tuh cut caper lak dat in uh United States Government Post Office as it do tuh comes pullin' and haulin' over any chicken Ah pay for. Hit de ground. // *fam falta menos agalha que p'ra vir apanhá e estragá o polo que pago eu. Espera aí. // Fan falta tantas galaxas para facer unha desas na Oficina de Correos de Estados Unidos coma para remexer nuns polos que paguei eu. Alto aí.* [De novo, o TT di o contrario].

Then everyone began to holler at the music because the man couldn't play but three pieces. // *Mais tarde, como o guitarrista apenas se sabia três peças comezaron a cantar cantigas de traballo. // Logo todos comezaron a berrar, queixándose da música porque o home só sabía tocar tres pezas.*

Janie, Ah would have give Jacksonville wid todo Tampa for a jump-back for you to be dere wid me. // *Janie, daría todo Jacksonville e todo Tampa por ter a felicidade de ti 'tar ali comigo. // Janie, eu tería dado Jacksonville e todo Tampa por, nun brinco, poderte levar alí comigo.* [O termo 'felicidade', que non está no TO, introduce un clixé que deforma a expresividade particular de Tea Cake].

Dem wuzn't no high mucky mucks. // *Nom era gente mui fina. // Non era xente de moito ringorrango.* [Cf. O estilo].

Befo' us got married Ah made up mah mind not tuh let you see no commonness in me. When Ah git mad habits on, Ah'd go off and keep it out yo' sight. 'Tain't mah notion tuh drag you down wid me. // *Antes de casá decidim que nom deixaría que ti notasse o ordinário que sou. Quando fago loucura procuro marchá e que nom me vejas. Nom quero arrastar-te comigo. // Antes de casar, decidín non permitir que vises o meu lado vulgar. Cando me dera por facer loucuras, marcharía e non deixaría que me vises. Non penso rebaixarte comigo.* [NB: Tea Cake non se considera totalmente 'ordinário'; só ten momentos en que quere participar en actividades que considera inferiores ás da clase de Janie].

